



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2021/7	O Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	27 de decembro de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 12:40 ata as 13:28 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Pablo Portela Fernández

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33852423B	Jose Ferreiro Fernandez	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	NON
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ





## Concello de Guitiriz

33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	Ivan morado corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Expediente 1000/2021. Elaboración e Aprobación do Orzamento

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstención: 1, Ausentes: 1

#### “ASUNTO: ORZAMENTO MUNICIPAL 2022. EXPEDIENTE Nº: 1000/2021

Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, a Alcaldía formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2022.

Visto que obran no expediente cantos documentos e informes esixen os artigos 165, 166 e 168 TRLRHL, así como o artigo 8 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril; e o expediente orzamentario formado pola Sra. Alcaldesa-Presidenta cumpre o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 TRLRHL.

Vista a reunión cos representantes do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz e acta da mesa de negociación de data 15/11/2021.

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLRHL e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para este exercicio.

O Pleno da corporación,cos votos favorables do PSOE, e cos votos en contra do PP e abstención do BNG, adoptou o seguinte ACORDO:





## Concello de Guitiriz

**PRIMEIRO.-** Aprobar, en aplicación do artigo 30 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria, o límite inicial de gasto non financeiro (Capítulos 1 a 7 de gastos) para este exercicio, que ascende á contía de 4.104.611,29.

**SEGUNDO.-** Aprobar Inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Guitiriz para o exercicio económico 2022, que no seu estado de gastos e ingresos ascende á contía de 4.020.444,42 € segundo os resumos por capítulos que se indican a continuación:

Capítulo	GASTOS	INGRESOS
1	2.501.494,42	1.211.972,17
2	1.344.750,00	45.000,00
3	4.000,00	552.700,00
4	77.700,00	2.198.272,25
5	20.000,00	0,00
6	60.000,00	0,00
7	0,00	0,00
8	12.500,00	12.500,00
9	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>4.020.444,42</b>	<b>4.020.444,42</b>

**TERCEIRO.-** Aprobar inicialmente a Plantilla de persoal que se acompaña como Anexo ao Proxecto de Orzamento.

**CUARTO.-** Aprobar, en cumprimento do establecido no artigo 103.bis) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a masa salarial do persoal laboral recollido neste Orzamento por importe de 1.161.427,31 €, integrada por tódos conceptos retributivos individualizables respecto ao persoal laboral, nos termos das Leis de orzamentos xerais do Estado.

**QUINTO.-** Ordenar a publicación no BOP de Lugo do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente co fin de que os interesados poidan examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno da Corporación. O Orzamento e a Plantilla consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**SEXTO.-** Facultar á Alcaldía para o cumprimento da obriga de remitir copia do Orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma para dar cumprimento ao disposto no artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

Aberto o debate pola Sra. Alcadesa di que a elaboración dos orzamentos do concello constitúe un dos actos mais transcendentais do exercicio en aras de poder atender os intereses veciñais con eficacia e sen demora.





## Concello de Guitiriz

Cada exercicio resulta mais complexo a elaboración dos orzamentos dada a situación actual dende a pandemia internacional declarada o 11 de marzo de 2020 e que aínda nós segue a afectar e ocasiona que a situación social sexa cada vez mais complexa.

As necesidades sociais son moitas e os ingresos redúcense en moitos conceptos do orzamento dado o parón da economía en xeral. A pesar de que contamos coas contas saneadas os ingresos nunca son suficientes para facer fronte aos gastos que xorden ao longo do exercicio, tendo sempre como prioridades as necesidades, pero intentando tamén manter as infraestruturas do concello e os servizos ofertados e todo aquilo que veñen percibindo os veciños/as nos últimos anos, intentando mellorar na medida do posible.

Os orzamentos que se presentan para o ano 2022 están equilibrados en ingresos e gastos o que supón un montante de 4.020.444,42 € que diminúe con respecto aos do ano 2021 en 253.458,91 € debido principalmente a que non se inclúen as subvencións e axudas que se conceden a esta administración (Plan Único, Plan de Mellora de Camiños, Fondo de Compensación Ambiental) e tamén polo estudo realizado en canto a ingresos dos últimos tres anos, seguindo o criterio de prudencia dada a complexa situación económica, e a previsión de que o ano 2022 pode ser complexo a hora de recadar determinados impostos como taxas por licenzas, actividades realizadas, debido que a actividade económica non se atopa nos seus mellores momentos.

O importante é facer constar que segundo a liquidación do exercicio 2020 contamos cunha cantidade de preto de 2,5 millóns de remanente de tesourería para gastos xerais a pesar de que en 2021 tramitáronse dúas modificacións de crédito a través de crédito extraordinario para inversións e tendo en conta os cálculos do último crédito extraordinario tramitado e o importe aprobado para o mesmo, quedaría un remanente de tesourería considerable, a espera da liquidación do exercicio 2021 que nos indica que o concello siga atopándose nunha situación saneada.

Falando dos gastos en bens correntes e servizos prodúcese unha desviación importante na contía derivado do axuste e dado a diminución de ingresos e o empeño en ser prudentes a hora de realización do gasto, supoñendo unha redución respecto do exercicio 2021 de trescentos trinta e nove mil oitocentos vinte e catro euros.

É evidente que mantendo os servizos e cumprindo coas esixencias veciñais teremos que facer todos un esforzo máximo para reducir o noso gasto corrente e para iso todos debemos aportar o noso grao de area, como por exemplo, facendo un esforzo a hora da selección do lixo dado que se diminuímos a cantidade de impropios nos contenedores verdes suporá un aforro nas facturas de SOGAMA e un incremento nos ingresos pola recollida de contenedores amarelos. A boa utilización dos puntos de plástico agrícolas, xa que si se depositan onde non se debe o baleirado dos puntos será mais complexo e moito menos económico. No coidado do noso mobiliario, xa que si non se producen danos ou roturas implicaría non ter que facer unha nova inversión nin o traballo empregado polos traballadores municipais na reparación, podendo dedicar tempo a outras necesidades.

Manteremos o gasto no contido social que levan tendo os presupostos ao longo deste últimos anos, facendo fincapé no servizo de axuda no fogar, que cada ano vese incrementado xa que cada ano intentamos atender o maior número de xente posible, axudas as bolsas de estudo, axudas de emerxencia e axudas a asociacións pero





## Concello de Guitiriz

para poder manter iso temos que ser todos moi responsables e facer uso dos servizos municipais de xeito responsable e evitar na medida do posible que o concello teña que soportar un gasto a maiores polo uso destes servizos e bens municipais, polo tanto é importante que todos/as respectemos os servizos públicos.

Os orzamentos seguen a ser sociais e manteñen o gasto nos departamentos que axudarán ao benestar de todos/as os/as veciños/as.

O voceiro do PP di, vostede comenta que cada exercicio resulta máis complexa a elaboración dos orzamentos, e resulta que isto é un corte e pega do exercicio do 2020 e 2021, dende logo moi traballados non foron. Este Concello tiña 4.273.903,33 € no ano 2021 e para o ano 2022 temos 4.020.444,42 €, a diferenza é de 253.458,91 € menos co ano anterior.


A nós sorpréndenos moito este orzamento, xa que no Capitulo 1º titulado “Gastos de persoal”, hai un incremento dende o ano 2020 ao 2022 dun 7,98% e parécenos moitísimo este aumento. No ano 2020 había un 54,24 € do orzamento total destinado a persoal. No 2021 pasou a ser dun 56,80% e para o orzamento do ano 2022 pasa a incrementarse nun 62,22% que nos parece unha aberración para a boa xestión nun Concello pequeno en habitantes, con pouca industria e cun enorme territorio cuxa poboación atopase moi espallada e todo isto que lle digo tradúcese da seguinte maneira: dos 4.020.444,42 € do presuposto total, haille que restar 2.501.520,53 € de gasto de persoal, tanto para funcionarios, laborais fixos e descontinuos e gastos políticos, xa que supón un incremento, como dixen, dun 62,22% e, polo tanto, queda no orzamento a pequena cantidade de 1.518.923,89 € que dividido en 12 meses quedan 126.576,91 € ao mes, para luz, combustible, arranxos etc.

Séguenos a sorprenden que vostede diga que non inclúe nos presupostos o Plan de Mellora de Camiños e o Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia, o Plan Único de Cooperación Provincial da Deputación Provincial de Lugo, etc, posto que esas partidas orzamentarias non se inclúen no orzamento como tampouco se inclúen as que podan vir do Estado ou da Unión Europea, como así ten ocorrido noutras lexislaturas. Máis isto non so ocorre no concello de Guitiriz, ocorre en todos os Concellos, incluso en moitos máis pequenos que o noso e máis grandes en habitantes e medios económicos en que teñen subvención por parte de outras administracións, polo tanto, nada que descubrir pois isto xa o sabíamos como o sabe a maioría da cidadanía.

Di vostede que o ano 2022 é complexo debido a situación económica a hora de recadar determinados impostos como por exemplo licenzas, etc, e eu pregunto: Cómo vai haber máis licenzas e máis impostos nun concello enorme, con poucos habitantes e cun presuposto cuxo 62,22% vaise en gastos de persoal?

Cómo vai haber inversión nun Concello como o noso onde non se arranxa case nada, coas beirarrúas abandonadas, as pontes, os camiños, as estradas, a sinalización, etc, e con case cen persoas traballando no concello onde a mala xestión está ao longo do día.

Nas Operacións de Capital hai 72.500 €, e isto supón un 1,80 % do orzamento e o 98,20 % restante son para operacións correntes e destinadas para o persoal funcionario, laboral fixo, laboral indefinido, temporal e político.





## Concello de Guitiriz

O Fondo de Continxencias e outros Imprevistos pasa de 50.000 € do 2021 a 20.000 € no 2022, e dicir 30.000 € menos.

Segundo vostede o elevado gasto de persoal está xustificado porque este Concello ofrece a meirande parte dos servizos pola Administración, sen recorrer a privatización ou externalización, mais a pesar diso, vostede Sra. Morandeira, segue a contratar empresas privadas para traballos do Concello como son os da Ruta da Auga, Traballadores do SAF, arquitectos privados, tendo como ten unha Arquitecta Municipal moi cualificada neste Concello. O problema deste Concello é a súa mala xestión.

Referente ao apartado no que fala da dinamización social, cultural, turística, económica e de promoción dos nosos produtos, fainos rir e a hipocrísia é enorme pois, mentres gasta os cartos nun xornal no que se está a promocionar vostede e as políticas, non do Concello, se non do PSOE de Guitiriz, seguen a cobrar as taxas aos mercaderes que veñen a gañarse o pan co suor da súa fronte dándolle pulo ao mercado semanal da vila de Guitiriz.

Ben é verdade que en Parga cobrase aos postos pola feira, a máis importante dende que un entra en Galicia por Pedrafita do Cebreiro ata A Coruña, máis iso fano para poder mantela pois non hai réditos económicos para ninguén, e o Concello coma sempre apoiando esta feira so de palabra, xa que para ilo cóbranlle máis de dous mil euros o ano en concepto de imposto do IBI, cando deberían estar exentos de impostos e taxas tanto o mercado de Guitiriz como a Feira de Parga. Esta última é o grande lugar onde dúas veces ao mes existe unha fabulosa dinamización social, cultural, turística e económica máis importante no so no noso Concello, se non en toda a súa contorna, abarcando pois, parroquias e vilas doutros concellos limítrofes e incluso lonxanos, tanto da provincia de Lugo como da Coruña principalmente afectando a cidades como Lugo, Coruña, Betanzos, Ferrol, e vilas importantes como Vilalba, etc.

O voceiro do BNG di que antes de nada quero pedir desculpas polo erro que cometín no Pleno anterior ao respecto dun informe de secretaría no que eu dixen que había 10 ou 11 postos de traballo temporais no Concello. Efectivamente o erro foi propiciado por un informe de secretaría pero tratábase dos “antecedentes” do informe de data 7/2/19 polo que comentei algo que non era verdade actualmente, aínda así gustaríame que vostede nos dixera o número de empregados temporais que temos actualmente.

Tamén quería comentar que volvín a ver o Pleno anterior, e quería dicirlle Sra. alcaldesa. que os Plenos teñen que ser algo mais serios do que vostede se pensa, polo que si volve a rirse do que eu comente entón abandonarei o salón de Plenos, porque rirse de min e rirse de toda a xente que represento e que apoiou co seu voto ao BNG.

Considero que é unha falta de respecto non só a min senón tamén a toda esta xente, e non o vou a consentir, e repítole si volve a acontecer abandonarei o salón de Plenos.







## Concello de Guitiriz

Intervén a Alcaldesa para aclarar que ela non se riu nin de vostede nin de ninguén que esta neste Pleno, pódome rir de algún comentario que se faga, pero si pensa que me riu de vostede esta moi equivocado, pode que si se fai algún comentario que me sorprenda e iso pode ocasionar que me ría, pero non é rirme de vostede e moito menos dos/as veciños/as que representa.

Pídolle desculpas si se sentiu ofendido e non volverá pasar, pero a miña intención non é rirme nunca de ninguén e menos dos membros desta corporación.

O voceiro do BNG di que con respecto ao orzamento vou ser breve, estes son os seus terceiros orzamentos, sétimos consecutivos do PSOE gobernando este Concello, e digo que vou a ser breve porque visto o que fixo nestes dous anos non fai falta esforzarse moito. Vostede o único que fai e pasar e pasar o “rodillo” dende que comezou a lexislatura.

Mire se abusa da maioría que ten, que ata se nota nos seus propios compañeiros de partido.

Para que vou a esforzarme en comentar nada, si lle entra por un oído e lle sae polo outro.

Eu ata o de agora, no seu mandato non vin nada novo que chamase a atención, é unha alcaldesa mais, un número mais, e volve dicir unha cousa, vostede non lle quere a Guitiriz sra. Morandeira, nótaselle moitísimo nas súas actuacións do día a día.

Os orzamentos que vostede elabora son uns simples informes de como vai a gastar os cartos que temos para cada ano. Planificou ou expuxo algún proxecto importante para que os que somos de aquí, ou para os que por circunstancias diversas viven como vostede neste concello? Nada de nada sra. Alcaldesa. As e os cidadáns que vivimos aquí no Concello de Guitiriz, merecemos algo máis, vostede non é quen de mellorar Guitiriz, nin o benestar de todos os que aquí vivimos.

Para este ano que está a rematar orzamentaron 4.273.903 euros, para o ano que ven o 2022 orzamentan bastante menos, 4.020.444 euros e xa son dous anos de baixadas consecutivas.

Propoñen para investimentos 60.000 euros, segundo nomean para reparacións de infraestruturas, e saben perfectamente que non chegan nin para tapar fochancas, despois todo o ano improvisan de un día para outro como veñen facendo estes últimos anos.

Menos mal que saben que volven a ter sobre 450.000 euros do Plan Único da Deputación e que, ultimamente xa parecen os segundos orzamentos do ano. Tamén contan co Plan de mellora de Camiños, e o Fondo de Compensación Ambiental, ou que dende o goberno estatal volvan abrir a billa para botar man do remanente de tesourería.

Comenta vostede na memoria tan marabillosa que elaborou, que cada exercicio resulta mais complexo, esta palabra repítea a miúdo na súa memoria, nótaselle que non ten as cousas moi claras e iso que xa son os terceiros orzamentos.

Sra. alcaldesa, leva gastados oito millóns e pico de euros en dous anos e non se notan no Concello. Que proxectos importantes levou a cabo? Non se da conta que





## Concello de Guitiriz

prometeu, promete, e segue prometendo e segue todo moi parecido a cando asumiu a alcaldía.

Poña mais da súa parte para que a residencia de maiores se empece algún día, xa non digo que a rematen, que xa lles queda un ano e medio de lexislatura. Da pena ver esa pila de refugallos no centro do pobo, vostede é responsable de todo o que está acontecendo.

A Sra. Alcaldesa di que con respecto ao que comentou o voceiro do PP en relación co incremento das prazas de persoal, no 2020 tivemos que crealas pola situación que se arrastraba no concello polas demandas anteriores e por iso se incrementaron as prazas debido a que nos obrigaban as sentencias.

No 2021 creamos dúas prazas que son necesarias no concello, sempre respectando o limite de reposición que marca a lei.

En canto aos cartos dos que falaba vostede que imos dispor cada mes, dicir que son os que o departamento de contabilidade considerou que son os necesarios para gastos de luz, avarías, combustible etc.

En canto ao tema das subvencións hai concellos que inclúen no orzamento as futuras subvencións que van recibir para que conste a inversión que se vai facer pero nós decidimos, como en anos anteriores, non incluílas.

Por outra banda dicir, que a técnica de urbanismo é apareladora, non arquitecta polo que hai proxectos que non pode asinar por iso moitas veces temos que recorrer a xente externa. Tamén menciona que se externaliza o traballo do SAF e teño que dicirlle que no ano 2020 e 2021 non se contratou a ningunha empresa externa para o SAF.

Puntualmente si se contratou a unha empresa para a roza, non da Ruta de Auga, senón doutra ruta para que nola homologasen.

En canto ao que comenta o voceiro do BNG, en relación a Casa da Botica, teño que dicir que Patrimonio emitiu informe favorable para a modificación do proxecto que presentou a Deputación, e o seguinte paso e tramitar os permisos tanto na Xunta como no Concello para poder licitar e que ao longo de 2022 este rematada a obra.

O voceiro do PP di que no seguinte pleno xa lle digo as datas de contratación do Servizo de Axuda no Fogar.

En canto as principais modificacións sorpréndenos que vostede diga que os gastos do "Capítulo 2, de bens correntes e servizos", pódense achicar mediante a selección de lixo, mediante o coidado do noso mobiliario, onde hai roturas e danos. Nós pensamos que a forma de cambiar isto e mediante a información oportuna a todos os cidadáns de Guitiriz en canto a maneira de comportarse e afrontar os feitos anteditos, pois pensamos que son poucas as persoas que se saltan as normas, e por se houbese máis dos que debería a información e a maneira de aprender para todos.

O final deste punto, vostede di textualmente: "todos temos que ser responsables co gasto público" máis quen ten que dar exemplo é vostede Sra. Morandeira, pois segundo vemos nun decreto de 13 de decembro do 2021 hai unha compra dun teléfono móbil para vostede por un importe de 909 €, e se a isto lle engadimos o derroche do combustible que de maneira esaxerada se fai nalgúns vehículos conducidos polas mesmas persoas e onde vostede ten que facer fincapé e dicirse a







## Concello de Guitiriz

si mesma: “non podo esixirlle ao demais o que eu non cumpro, pois para esixirlle isto aos demais eu teño que dar exemplo”. A formula que ten que aplicar é moi sinxela, se quere que a cidadanía de Guitiriz cambie, empece por cambiar vostede dando exemplo.

Gustaríanos que algún día nós explicase o escrito que os sindicatos presentaron no concello pola súa xestión ao fronte do persoal do concello.

O voceiro do BNG di que o único que se lle da ben por exemplo é regalar 70.000 euros as eléctricas para sacar o transformador do Campo da Feira, cando debían ser elas as que o fixeran.

Volve a gastar na piscina dos sete muíños cando sabemos que se utiliza para un par de meses o resto do ano non se pode usar.

Van ampliar a casa do Centro de Día cando sabemos que non cubre as necesidades de todo o Concello .

Gastar 270.000 euros en mercar unha nave no polígono cando se podería gastar menos en facer unha nova no mesmo polígono e encima axeitada as necesidades do Concello.

A iso no BNG chamámoslle malgastar os cartos de todos/as, xa lle comentei en algún dos plenos anteriores que planifique e xestione, e que non improvise tanto.

Tamén me comentaron que quere pechar o PAI no mes de agosto, non será por falta de usuarios/as, porque conciliar a vida laboral co coidado das crianzas é cada vez mais difícil para as familias. Que aforra o Concello con este peche?, si lle fixera falta a vostede pecharíao?

En definitiva isto é un programa de como gastar o diñeiro de todos/as “ao seu entoxo”, e non un orzamento de futuro elaborado e traballado.


A Sra. Alcaldesa di que en relación ao que dixo o voceiro do PP, estou de acordo en que as persoas que danan o mobiliario son poucas, pero tamén é verdade que fan moito dano, aínda que non é moi relevante ao longo do ano si que é custoso.

En canto ao móbil so teño que dicir que é unha ferramenta de traballo, si o único que ten que dicir da miña xestión no 2021 é a compra dun móbil e o gasto en gasóleo entón é que non o fixemos nada mal. Si con todas as inversións que se fixeron en estradas, ampliación dos puntos de alumeadado público por distintas parroquias, proxectos para ampliar o Centro de Día, a nave do Senpa para actividades deportivas e culturais, solo fala do móbil é que non se están facendo as cousas tan mal.

Os orzamentos son reais e axustados a conxuntura que pode vir no 2022.

**Sometido o asunto a votación e aprobado cos votos favores do PSOE, en contra PP e abstención BNG.**

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL





## Concello de Guitiriz

---

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: CEPMSZMIDWRZCQWRND4P77KFCG | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10